

## RESUMO DA XUNTA DE GOBERNO DE 19 DE FEBREIRO DE 2024

### 1. ASISTENCIA Á XUNTA DE GOBERNO LOCAL. Referencia: 2024/00008428X.

#### Aprobación de actas de sesións anteriores.

Acórdase aprobar as actas correspondentes ás seguintes sesións da Xunta de Goberno Local:

- Ordinaria de data 12 de febreiro de 2024.
- Extraordinaria e urxente de data 14 de febreiro de 2024.

### 2. XESTIÓN URBANÍSTICA. Referencia: 2021/00046533Q.

#### Modificación do acordo de suspensión de licenzas no ámbito do Plan especial director de ordenación e rehabilitación do Camiño Francés de Santiago (PE-3), en execución de sentenza.

Acórdase:

Primeiro. Tomar coñecemento da anulación parcial -por sentenza núm. 284/2023 do Xulgado do Contencioso-Administrativo Núm. 2 de Santiago de Compostela- do acordo da Xunta de Goberno de data 6 de xuño de 2022, no apartado relativo á suspensión das obras de reforma no ámbito do Plan especial director de ordenación e rehabilitación do Camiño Francés de Santiago (PE-3)

Segundo. Publicar no Diario Oficial de Galicia a nova redacción do alcance da suspensión -derivada do acordo de aprobación inicial do citado plan especial-, como de seguido se indica:

Por aplicación do disposto nos artigos 47.2 da Lei 2/2016 do solo de Galicia e 86 do seu Regulamento, o acordo de aprobación inicial determina a suspensión do outorgamento de licenzas de edificación, parcelación e derruba no ámbito do Plan especial durante o prazo máximo de DOUS ANOS, contado dende o día 6 de xuño de 2022.

### 3. CONTRATACIÓN. Referencia: 2023/00031226L.

#### Autorización da suspensión temporal das Obras de execución do proxecto "Restauración do entorno dos ríos Sarela, Sar e Vilar", dende a data de solicitude ata que as condicións climatolóxicas e o estado dos terreos sexa axeitado para a execución da obra, e autorización da ampliación do prazo de execución das anteditas obras ao abeiro do disposto no artigo 195.2 da LCSP en 30 días.

Acórdase:

**Primeiro:** autorizar a suspensión temporal das **Obras de execución do proxecto "Restauración do entorno dos ríos Sarela, Sar e Vilar"**, operación incluída na Estratexia de Desenvolvemento Urbano Sostible e Integrado e cofinanciada nun 80% polo Fondo Europeo de Desenvolvemento Rexional no marco do Programa Operativo de Crecemento Sostible, 2014-2020, adxudicado á empresa EULOGIO VIÑAL OBRAS Y CONSTRUCCIONES, S.A., dende a data de solicitude ata que as condicións climatolóxicas e o estado dos terreos sexa axeitado para a execución da obra.

**Segundo:** autorizar a ampliación do prazo de execución das anteditas obras ao abeiro do disposto no artigo 195.2 da LCSP en 30 días, sen prexuízo de que se poida incoar, logo do informe ao respecto do responsable do contrato, un procedemento de

imposición de penalidades polos retrasos que si lle puidesen ser imputables ao contratista.

O prazo da ampliación dos 30 días hábiles empezaría a computar unha vez que se levantase a suspensión acordada. |

#### **4. CONTRATACIÓN. Referencia: 2023/00027888Q.**

**Denegación da ampliación do prazo de execución en 25 días hábiles do contrato das Obras de "Mellora dos accesos á Almaciga: Ámbito Pastoriza" solicitada ao abeiro dos artigo 195.2 da LCSP pola empresa EULOGIO VIÑAL OBRAS Y CONSTRUCCIONES SA. |**

Denegar a ampliación do prazo de execución en 25 días hábiles do contrato das Obras de "Mellora dos accesos á Almaciga: Ámbito Pastoriza" solicitada ao abeiro dos artigo 195.2 da LCSP pola empresa EULOGIO VIÑAL OBRAS Y CONSTRUCCIONES SA, con NIF A15352735 sen prexuízo de que o contratista continúe coa execución das obras ata a súa finalización e da imposición das penalidades que correspondan. |

#### **5. EDUCACIÓN. Referencia: 2024/00005346X.**

**Aprobación do programa municipal de conciliación de Semana Santa 2024. |**

Acórdase:

1. Aprobar a memoria do programa municipal de conciliación de Semana Santa 2024, que terá lugar os días 25, 26 e 27 de marzo e 1 de abril de 2024 nas instalacións do CEIP Monte dos Postes e CEIP Quiroga Palacios, de acordo coas características recollidas no informe.

2. Aprobar os prezos públicos que se recollen na memoria, que inclúen as bonificacións e as reducións para as familias con escasos recursos. Tal e como se recolle no informe de control financeiro non programable nº 70/2024, de data 13 de febreiro de 2024, "(...) En todo caso, en relación co cobro material do produto da recadación obtida pola aplicación dos prezos públicos, en canto ingresos públicos que son, remitímonos aos procedementos e procesos que a tal efecto poida establecer ou teña establecido a Tesourería Municipal, ao ser funcións da mesma a xestión, recadación e inspección dos ingresos e que en todo caso, haberán de ser observados."

#### **Prezos públicos finais ordinarios para as familias coas modalidades:**

<b>SERVIZO</b>	<b>HORARIO</b>	<b>PROGRAMA SEMANA SANTA (4 días)</b>
Modalidade completa:(madrugadores/as con almorzo, comedor e actividades)	De 7:45 ás 16:00 h	48,00 €
Modalidade madrugadores/as con almorzo e actividades	De 7:45 ás 14:00 h.	30,00 €
Modalidade comedor e actividades	De 9:00 ás 16:00 h.	42,00 €
Modalidade só actividades	De 9:00 ás 14:00 h.	24,00 €

**Prezos públicos finais especiais (desconto do 50% ou 100% informe SS do Concello) para as familias coas modalidades:**

SERVIZO	HORARIO	PROGRAMA SEMANA SANTA (4 días)
		Con desconto (50%)* Informe SS Concello
Modalidade completa:(madrugadores/as con almorzo, comedor e actividades)	De 7:45 ás 16:00 h	24,00 €
Modalidade madrugadores/as con almorzo e actividades	De 7:45 ás 14:00 h.	15,00 €
Modalidade comedor e actividades	De 9:00 ás 16:00 h.	21,00 €
Modalidade só actividades	De 9:00 ás 14:00 h.	12,00 €

**6. ASESORÍA XURÍDICA. Referencia: 2024/00007890R.**

**Tomar coñecemento da sentenza en recurso de apelación 7162/2023-PO 229/2022 do TSXG.**

Resolución: sentenza do TSXG do 19.01.2024 que confirma a sentenza do Xulgado Contencioso-administrativo núm. 1 de Santiago de Compostela do 29.09.2023

Órgano Xudicial: T.S.X.GALICIA CON/AD SEC.3 - 003

Procedemento: AP RECURSO DE APELACION 7162 /2023.- PO PROCEDEMENTO ORDINARIO 229 /2022

Obxecto: Concesión de uso privativo do dominio público das marquesiñas urbanas e soportes publicitarios.

A resolución é desfavorable para os intereses do Concello e non cabe interpoñer recurso de casación.

Acórdase:

1. Tomar coñecemento da sentenza.
2. Non interpoñer recurso de casación.
3. Remitir ao Servizo de Contratación para a súa execución.

**7. ASESORÍA XURÍDICA. Referencia: 2024/00007322P.**

**Dación de conta para a toma de razón da Sentenza 59/2024 do 08.02.2024 do Xulgado do Social nº2 de Santiago de Compostela**

Sentenza nº 059/2024

DSP 605/2023 XS 2

Obxecto: reclamación de cantidades, resolución de contrato de traballo e indemnización.

A sentenza é favorable para o Concello, recorrible en suplicación.

Acórdase:

1. Tomar coñecemento da sentenza.
2. Remitir ao Servizo de Tráfico para o seu coñecemento.

**8. ASISTENCIA Á XUNTA DE GOBERNO LOCAL. Referencia: 2024/00008428X.**

**Tomar coñecemento das resolucións ditadas pola Alcaldía e as Concellerías delegadas.**

Acódase tomar coñecemento das resolucións ditadas pola Alcaldía e as Concellerías Delegadas no período comprendido entre o 9 e o 15 de febreiro de 2024.

**URXENCIAS**

**1. CONTRATACIÓN. Referencia: 2023/00016024C**

**Corrección dun erro no acordo de adxudicación do contrato de redacción de proxecto e dirección facultativa da obra "Rehabilitación do pavillón de Santa Isabel".**

Acórdase proceder á subsanación do erro advertido na proposta da concellaría de Sostibilidade Ambiental, Dereitos dos Animais, Servizos Básicos Comunitarios, Parques e Xardíns e Vías e Obras de data 05/02/2024, así como no acordo da Xunta de Goberno da cidade de Santiago de Compostela do 12/02/2024, relativo á adxudicación do contrato do Servizo de Asistencia Técnica para a Redacción de Proxecto e Dirección Facultativa da "Rehabilitación integral do complexo deportivo de Santa Isabel", no que se refire ao número de partida orzamentaria, de xeito que:

Onde di:

“Segundo: Comprometer un gasto por importe de 298.323,18 € con cargo ás aplicación orzamentaria 060 93302 6320002 (Código de proxecto: 2023 2 NGPAV 2 2).”

Debe dicir:

“Segundo: Comprometer un gasto por importe de 298.323,18 € con cargo ás aplicación orzamentaria 040 93302 6320002 (Código de proxecto: 2023 2 NGPAV 2 2).”